



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura española do século XVII

Materia	Literatura española do século XVII			
Código	V01G400V01933			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Profesorado	Candelas Colodrón, Manuel Angel			
Correo-e	mcande@uvigo.es			
Web	http://uvigo.academia.edu/Jos%C3%A9Montero			
Descrición xeral	Estudo, desde unha perspectiva histórica e filolóxica, dos principais autores e textos da literatura española do século XVII.			

Competencias

Código	
A1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
C3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
C6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
C9	Coñecemento de retórica e estilística.
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
D9	Capacidade crítica e de autocrítica.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
D12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecemento dos principais fitos da literatura escrita en lingua española durante o século XVII, con atención especial aos contextos socioculturais en que se producen.

A1 B1 C3 D2
A2 B2 C6 D6
A5 B5 C9 D8
B7 D9
D10
D11
D12

Contidos

Tema

1.- Introducción xeral.	1.1.- Un teatro en evolución. A comedia nova. 1.2.- A revolución do Guzmán de Alfarache. 1.3.- As novas canles métricas. A revolución gongorina.
2. O teatro do século XVII.	2.1.- A festa teatral. 2.2.- O teatro breve. 2.3.- Os xéneros dramáticos.
3. A ficción en prosa. As modalidades narrativas	3.1.- Unha literatura para entreter. 3.2.- Os xéneros narrativos. 3.3. Cara á Novela: o Quixote 3.4. A novela curta. 3.5. A literatura picaresca. Guzmán de Alfarache. El buscón.
4. A prosa argumentativa	4.1. Os xéneros discursivos. 4.2. A Historia. Os tratados. 4.3. Gracián.
5. A poesía do século XVII	5.1. Lope de Vega. 5.2. Góngora: o Polifemo e as Soledades. 5.3. Quevedo.
Lecturas obrigatorias.	1. El perro del hortelano. 2. El caballero de Olmedo. 3. El castigo sin venganza. 4. El burlador de Sevilla. 5. El alcalde de Zalamea. 6. La vida es sueño. 7. Antología de entremeses, autos sacramentales, jácaras y bayles. 8. Guzmán de Alfarache. 9. Quijote de la Mancha. 10. Novelas ejemplares de Cervantes. 11. Novelas de María de Zayas. 12. EL Buscón y los Sueños de Quevedo. 13. Antología poética (Lope de Vega, Góngora y Quevedo).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	0	12
Eventos científicos	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	35	45
Presentación	20	40	60
Traballo	0	12	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	15	17

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Planificación e entrega de materiais complementarios que se desenvolverán con pormenor ao longo das clases.
Lección maxistral	Exposición sistemática e organizada dos contidos do curso polo profesor da materia.
Eventos científicos	Está prevista a asistencia dalgún especialista nos contidos do curso que impartirá unha conferencia ou charla ao alumnado da materia.

Atención personalizada

Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sete recensións e comentarios ao longo do curso.	35				
Presentación	Presentación dunha obra de teatro. Entre dous ou tres persoas (segundo o número de alumnado)	20	A1 A2 A5	B1 B2 B5 B7	C3 C6 C9	D2 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Traballo	Análise (breve) dunha novela exemplar de Cervantes ou de María de Zayas.	20	A1 A2 A5	B1 B2 B5 B7	C3 C6 C9	D2 D6 D8 D9 D10 D11 D12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1. Pregunta longa sobre o Quixote. 23 de marzo. 15% 2. Pregunta curta sobre o Guzmán de Alfarache. 10 de abril. 10%	25	A1 A2 A5	B1 B2 B5 B7	C3 C6 C9	D6 D8 D9 D10 D11 D12

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. AVALIACIÓN CONTINUA

Para presenciais. Para aprobar a materia é necesario facer os ítems 2, 3, 4 e 5 e deben facerse, polo menos, cinco recensións. Do contrario, deberá ir á avaliación única.

1. Sete recensións e comentarios ao longo do curso. 35%
2. Presentación dunha obra de teatro. Entre dúas ou tres persoas. 20%
3. Análise dunha novela exemplar de Cervantes ou de María de Zayas. 20%
4. Pregunta longa sobre o *Quixote*. 23 de marzo. 15%
5. Pregunta curta sobre o *Guzmán de Alfarache*. 10 de abril. 10%

Para semipresenciais: [Deberán porse en contacto co profesor durante a primeira semana de clase. De non ser así, entenderase que optan pola avaliación única. Si ocasionalmente puidesen asistir a case todas as sesións presenciais, poderán optar pola modalidade anteriormente descrita].

1. Análise dunha obra dramática. 25% (10 páxinas)
2. Análise dunha novela exemplar de Cervantes ou de María de Zayas. 20% (7 páxinas)
3. Pregunta longa sobre o Quixote, 23 marzo. 15%.
4. Pregunta curta sobre o *Guzmán de Alfarache*. 10 de abril. 10%
5. Comentario de texto dun fragmento das *Soledades* de Góngora. 15%
6. Comentario de texto dun poema de Quevedo ou de Lope de Vega. 15%

2. AVALIACIÓN ÚNICA

Proba única na data fixada pola facultade. Dous comentarios de texto e unha pregunta sobre algunha das obras marcadas como Lectura obrigatoria do programa.

3. CONVOCATORIA DE XULLO

Proba única na data fixada pola facultade. Dous comentarios de texto e unha pregunta sobre algunha das obras marcadas como Lectura obrigatoria do programa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Blecua, José Manuel, ed., **Poesía de la Edad de Oro II: Barroco**, Castalia,

Calderón de la Barca, Pedro, **El alcalde de Zalamea**, Castalia Didáctica,

Cervantes, Miguel de, **Entremeses**, BCRAE,

Cervantes, Miguel de, **Novelas ejemplares**, Penguin Books,

Cervantes, Miguel de, **Don Quijote de la Mancha**, BCRAE,

Lope de Vega, **Arte nuevo de hacer comedias**, Castalia / Cátedra / CSIC,

Lope de Vega, **El caballero de Olmedo**, Catedra,

Ruiz de Alarcón, Juan, **La verdad sospechosa**, BCRAE,

Rico, Francisco, dir., **Historia y crítica de la literatura española**, Crítica,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Literatura española dos séculos XVIII-XIX/V01G400V01934

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura española do século XVI/V01G400V01932

Outros comentarios

Todos os materiais da materia estarán a disposición do alumnado na plataforma *Moovi. A través dela informarase de forma constante ao alumnado sobre calquera continxencia do curso. Faise, pois, obrigatoria a súa consulta frecuente.

Se alguén, sen explicación convincente, non consulta polo menos unha vez por semana a plataforma, poderá ver suspendida a súa avaliación continua e pasará automaticamente á avaliación única.